

INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DO GASTO E DA DÉBEDA PÚBLICA

Con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2017 e en cumprimento do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

E de igual maneira, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

SEGUNDO. Lexislación aplicable:

- Os artigos 3, 11, 12, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Os artigos 51 a 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).

TERCEIRO. O artigo 16 apartado 1 in fine e apartado 2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei

18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, establece que, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitírase con carácter independente e incorporárase aos previstos nos artigos 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

No caso de que o resultado da avaliación do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria ou da Regra do Gasto sexa incumprimento, a Entidade Local formulará un Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos citados obxectivos.

CUARTO. Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. E así, o Consello de Ministros en data 2 de decembro de 2016, establece como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións locais no trienio 2017-2019 o equilibrio.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo do seu reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

A. Axustes SEC:

Axuste 1. Rexistro en Contabilidade Nacional de Impostos, Taxas e outros ingresos.

Aplicarase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo), tomando os datos da última liquidación aprobada.

	Dereitos Reconocidos 2016	Recadación 2016			AXUSTES LIQUIDACIÓN 2016			AXUSTE ORZAMENTO 2017		
		PPTO. Corrente	PPTO. Cerrado	Total	Negativo	Positivo	TOTAL	% de axuste	Créditos Iniciais	AXUSTE SEC
ImpOstos Directos	2.504.624,38	2.504.624,38	11,51	2.504.635,89	0	11,51	11,51	0,00%	2.469.000	0,00
ImpOstos Indirectos	78.251,37	78.251,37	0	78.251,37	0	0	0	0,00%	120.000	0,00
Tasas E outros ingresos	1.933.296,36	1.834.791,10	107.547,05	1.942.338,15	0	9.041,79	9.041,79	0,47%	2.014.097	9.466,25
TOTAL	4.516.103,89	4.417.666,85	107558,56	4.525.225,41	0	9.053,30	9.053,30	0,47%		+ 9.466,25

Axuste 2. Tratamento dos intereses

Os intereses rexístranse segundo o criterio do devengo. Por tanto, debemos minorar a parte de intereses que pagándose no ano n devénganse no n-1, e debemos engadir os intereses que se pagarán no ano n+1, pero que se devengron no ano n.

Ano	Contabilidade orzamentaria	Contabilidade nacional	AXUSTES		
	Intereses (Cap.3 de Gastos)	Intereses	Negativo	Positivo	TOTAL
2017	6.938,21 €	6.778,00 €	0,00	160,21 €	+160.21 €

Axuste 3. Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da Corporación Local

Diferenza entre o saldo inicial e saldo final da conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento" (Axuste positivo (+): [saldo final da conta 413 é menor que o saldo inicial.] Axuste negativo (-): [saldo final da conta 413 é maior que o saldo inicial.]

Este axuste en termos de orzamentación debe recoller a previsión de saldo entre o gasto que non se poida aplicar a orzamento durante 2017 e o gasto que se imputará a 2017 procedente de 2016 ou exercicios anteriores.

Ano	Conta «413»		AXUSTES		
	Saldo inicial	Saldo final estimado a 31/12/2017 segundo PEF aprobado	Negativo	Positivo	TOTAL
2017	83.011,31 €	89.635,66 €	6.624,35 €	0,00	-6.624,35 €

TOTAL AXUSTES: + 3.002,12 €

B.- A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con motivo do orzamento do exercicio 2017, unha vez realizados os axustes SEC-10 detallados no punto A, arroxa como resultado a existencia de capacidade de financiación, o cal implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros.

En consecuencia, con base nos cálculos detallados cúmprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais.

O cálculo desenvólvese no seguinte cadro:

PRESUPUESTO DE INGRESOS	AYUNTAMIENTO
Capítulo 1: Imposto Directos	2.469.000,00
Capítulo 2: Imposto Indirectos	120.000,00
Capítulo 3: Taxas e outros ingresos	2.014.097,00
Capítulo 4: Transferencias correntes	4.188.176,78
Capítulo 5: Ingresos patrimoniales	155.331,92
Capítulo 6: Enajenación de inversiones	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00
A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)	8.946.605,70

PRESUPUESTO DE GASTOS	AYUNTAMIENTO
Capítulo 1: Gastos de personal	4.084.485,51
Capítulo 2: Compra de bienes y servicios	4.172.826,55
Capítulo 3: Gastos financieros	7.138,21
Capítulo 4: Transferencias corrientes	278.722,98
Capítulo 5: Fondo de Contingencia	
Capítulo 6: Inversiones reales	8.000,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	5.002,00
B) TOTAL GASTOS (Capítulos I a VII)	8.556.175,25
A - B = C) ESTABILIDADE	390.430,45
D) AXUSTES SEC-10	3.002,12
C+D= F) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	393.432,57
% ESTABILIDADE AXUSTADA	4,40%
% LÍMITE ESTABLECIDO	0%
OBRIGA DE REALIZAR PLAN ECONÓMICO FINANCIERO	NON

QUINTO.- Cumprimento da Regra do Gasto.

Ante o cálculo da REGRA DO GASTO, debe terse en conta que no momento da APROBACIÓN do Orzamento xa **non** resulta obrigatorio incluílo.

No entanto, si temos en conta que no momento da LIQUIDACIÓN do Orzamento si debe avaliarse o seu cumprimento, por criterio de prudencia, recoméndase que de maneira interna se avalíe o cumprimento desta magnitude con respecto ao proxecto de Orzamento Municipal para o 2017.

SEXTO.- Cumprimento do límite de Débeda

No que respecta á débeda, como é sabido, o artigo 13 Lei Orgánica 2/2012, establece a obrigación de non pasar o LÍMITE de DÉBEDA PÚBLICA fixado en termos do Produto Interior Bruto. Para a administración local, non se aprobou o límite en termos de ingresos non financeiros, polo que non resulta posible determinar o límite de

débeda como prevé o citado artigo en termos de Produto Interior Bruto Local.

Con todo, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na Nota Explicativa da Reforma Local actualizada a data 17 de setembro de 2015, indicou que equivalería ao límite de débeda referido a 31 de decembro do exercicio inmediato anterior, de acordo cos criterios establecidos nos Artigos 51 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en canto ás operacións de endebedamento en xeral, para a aplicación do réxime de autorización para formalizar ditas operacións cando o sexan a longo prazo.

O volume de débeda viva a 01/01/2017 en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes, arroxa o seguinte resultado:

CUMPLIMIENTO LÍMITE DE DEUDA	
Operaciones vigentes a 01/01/2017	1.656.756,97
Riesgo deducido de avales	
Operaciones formalizadas no dispuestas	
Importe de operaciones proyectadas o formalizadas durante el ejercicio	
Fondo financiación pago a proveedores (FFPP), Fondo de Ordenación (FO) y/o Fondo de Impulso Económico (FIE)	
DEUDA VIVA TOTAL consolidada	1.656.756,97
INGRESOS CORRIENTES A CONSIDERAR	8.263.705,70
% DEUDA VIVA [(DEUDA VIVA TOTAL consolidada/INGRESOS CORRIENTES consolidados "sin afectado")*100]	20,05%

* A os ingresos correntes, nas cifras deducidas dos estados contables consolidados, descontaranse, o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados, o capital vivo pendente de amortizar a 01 de xaneiro de 2017, polos préstamos concertados e vixentes, segundo se desprende dos Estados financeiros ascende a 1.656.756,97 euros, que supón un **19,79%** dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da última liquidación practicada correspondente ao ano 2016, que ascenden a 8.372.385,91 euros, non superando o límite do 110% establecido na Disposición Adicional 14ª do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público

Conclusións

Á vista dos cálculos precedentes e con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2017 do Concello de Cambados cabe informar, de acordo co Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, do seguinte resultado obtido:

A. Que esta Entidade Local **cumpre** o obxectivo de Estabilidade Orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.

B. Que esta Entidade Local **cumpre** o obxectivo do límite de Débeda Pública, de acordo con normativa vixente.

ESTE DOCUMENTO ASÍNASE ELECTRONICAMENTE